



REAL ACADEMIA
GALEGA



A cultura galega en Buenos Aires: 1950 - 1960

Discurso lido o día 17 de novembro
de 2001, no acto da súa recepción,
polo ilustrísimo señor don

Xosé Neira Vilas

e **resposta** do excelentísimo señor don
Xesús Alonso Montero

A CULTURA GALEGA EN BUENOS AIRES:
1950-1960

REAL ACADEMIA GALEGA

A CULTURA GALEGA
EN BUENOS AIRES:
1950-1960

DÚAS SINGRADURAS NA CONSTRUCCIÓN

DISCURSO LIDO
O DÍA 17 DE NOVEMBRO DE 2001,
NO ACTO DA SÚA RECEPCIÓN,
POLO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON

XOSÉ NEIRA VILAS

E RESPSTA DO EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON

XESÚS ALONSO MONTERO



I.S.B.N.: 84-87987-29-X

Depósito Legal: VG-1078-2001

© REAL ACADEMIA GALEGA, 2001

Producción: Editorial Galaxia, S. A.

Impresión: Obradoiro Gráfico, S. L., Polígono Industrial do Rebullón, 52 D (Puxeiros) -
MOS

A CORUÑA
2001

DISCURSO
DO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON
XOSÉ NEIRA VILAS

Excelentísimo Señor Presidente da Real Academia Galega,
señoras e señores académicos,
amigas e amigos todos:

Na sesión do pasado día 2 de xuño elixíronme vostedes membro numerario da Real Academia Galega, distinción que moito me honra por tratarse dunha prestixiosa entidade, case secular, que naceu a partir da Asociación Iniciadora e Protectora da mesma, fundada na Habana por iniciativa daquel fervoroso trasterrado ferrolán que se chamou Xosé Fontenla Leal, e baixo a presidencia do poeta Curros Enríquez. É dicir, a Academia ten o seu xermolo na emigración. Foi creada e sostida por emigrantes galegos asentados en Cuba. E digo que me honra, non só polo que a institución significa senón por ter sido eu, durante moitos anos, un emigrante; un dos milleiros de mozas e mozos labregos que deixabamos a eixada e o fouciño na procura dunha suposta vida mellor en América. Marchei en 1949 e volví para quedar en 1992. Por tanto, e coma tantos, e tal como reza unha vella canción cubana, "ausencia quere dicir olvido", fun candidato ó esquecemento, á anulación como parte deste meu pobo. Pero é o caso que vostedes non me esqueceron. Tal vez porque vivín nunha Galicia ultramaríña, recreada día a día ó longo de corenta e tres anos, dando fe dela, modestamente, e guiado só polo afán de servicio a unha patria da que me faltaba o seu corpo tanxible.

A nome dos galegos emigrados, e sobre todo dos que non puideron volver á terra orixinaria, acepto e agradezo este recoñecemento.

Debo dicir que tamén me honra e satisface o feito de ocupar a cadeira, o escano académico do etnógrafo e profesor Xa-

quín Lorenzo Fernández, Xocas. Vímonos só unha vez, no Museo do Pobo Galego, da man do meu entrañable amigo e case veciño Manuel Reimóndez Portela. Falamos de apeiros de labranza, do proceso do viño nas terras do Ulla e dos xoguetes tradicionais dos nenos galegos. Era un home de moitas sabencias, un investigador rigoroso que amaba fondamente o seu país.

Nacera en Ourense o ano 1907 e morreu en Lobeira en 1989. Estudiu Filosofía e Letras en Santiago e Zaragoza. Foi mobilizado cando estalou a Guerra Civil. Ferido de gravidade, licenciárono e volveu á súa terra.

Dedicouse dende moi novo ás investigacións sobre a etnografía e o folclore de Galicia. Aconsellado por Cuevillas redactou un traballo sobre o carro, que leu cando ingresou, con só dezanove anos, no Seminario de Estudos Galegos, institución que o designaría para dirixir o seu Museo etnográfico.

Influíron decisivamente na súa formación figuras senlleiras da xeración Nós, como Otero Pedrayo, Vicente Risco e Florentino López Cuevillas; tratounos, ata a morte de cada un deles, dende que era moi novo.

A súa entrega á cultura galega era constante e fervorosa. Cando me foi presentado en Santiago xa eu lera algúns dos seus traballos e arredondara a imaxe do investigador de quen me tiña falado con admiración, na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Buenos Aires, en 1956, o profesor alemán Fritz Krüger.

Levou a cabo escavacións nalgúns castros, catalogou igrexas, percorreu Galicia investigando sobre a nosa cultura popular que abrangue oficios, lendas, medicina tradicional, costumes, cancións, ferramentas, vivenda rural, embarcacións, transporte terrestre, monumentos megalíticos, inscricións en lápidas funerarias, mitoloxía, refraneiro, escultura céltica, celebracións do entroido, cántigas, mantenza e vestimenta dos campesiños, mobiliario, cultivos...

O dito é só un resumo do seu múltiple facer. Resultaría moi extenso e fóra de lugar relacionar os máis de cen traballos que nos deixou. Con todo quero citar algúns títulos que ilustran canto veño dicindo: As dormas do Porto do Son, Cerámicas castrexas pintadas, O pastoreo na terra de Leboreiro, Canti-

gueiro popular da Limia Baixa, O carro no folclore de Galicia, As pontes na tradición popular galega, A vivenda e a terra, Introducción ó estudio dos hórreos en Galicia. Ademais desta referencia mínima debo mencionar tres libros, incluídos nunha serie de cultura popular da Editorial Galaxia, que Xocas publicou poucos anos antes de morrer. Son eles: A casa, A terra e Os oficios cun total de 810 páxinas e máis de 600 debuxos da súa man ilustrando cada tema.

Como profesor, inculcou sempre nos seus alumnos a idea dunha patria de seu e o afán investigador. Colaborou arreo na prensa especializada de Galicia e de fóra, e mantivo correspondencia con moitos folcloristas e etnógrafos. Ademais de ser membro numerario de Real Academia Galega era correspondente das de Historia e Belas Artes, do Instituto Padre Sarmiento e de institucións portuguesas de Arqueoloxía e Antropoloxía. Foi promotor do Pedrón de Ouro e das fundacións Castelao e Otero Pedrayo e presidiu o Patronato do Museo do Pobo Galego. Era un home cunha capacidade excepcional de traballo, un militante do galeguismo e un apaixonado descubridor e formulador da cultura popular galega.

XUSTIFICACIÓN

O tema que escollín para o meu discurso ten dúas motivacións básicas: a enorme importancia que tivo para a cultura galega en tempos de opresión e caiñeza na Galicia territorial todo o que se fixo na década dos cincuenta en Buenos Aires; e porque eu tiven a fortuna de vivir día a día todo aquel agurgullar. Alí descubrín a personalidade histórica e o signo diferencial do noso país; alí estudiei e fun adquirindo unha cultura xeral da que carecía cando emigrei, e unhas técnicas para a utilización da palabra escrita; alí abrollou a miña latente vocación literaria; alí publiquei os meus primeiros escritos e asumín de por vida a lingua do meu pobo para toda creación e comunicación; alí convertíme nun apaixonado activista da cultura galega, no seu máis amplo sentido, sempre en consonancia co achegamento e a solidariedade respecto dos demais pobos. En suma, aquel mociño da aldea que era eu, cheo de inquedanzas,

pero ignorante de case todo, foi evolucionando na emigración, e isto ocorría en Buenos Aires a partir de 1950. Quero desculpame por este introito autobiográfico, pero eso xustifica o tema, que en vez de conter o resultado dalgunha investigación máis ou menos científica, será un informe. Preferino así (inda que boa parte do que direi xa o coñecen moitos de vostedes), pois tanto é o que Galicia lle debe a América que traer aquí algunhas noticias de primeira man referidas a aqueles anos por teños considerei que, ademais dun acto de xustiza, podería ter algunha utilidade para esta Corporación, creada, como xa foi dito e os señores académicos saben, por impulso emigrante na outra banda do Atlántico.

O presente traballo emárcase entre dous feitos: o pasamento de Castelao (xaneiro de 1950) e a multitudinaria manifestación galega (maio de 1960) adherindo ós actos polo sesquicentenario do inicio da loita independentista arxentina.

Castelao viviu en Buenos Aires os dez últimos anos da súa vida. Co seu prestixio, co valor da súa obra múltiple e co exemplo da súa conducta persoal, aglutinou vontades e deulle contido á democrática acción reivindicadora da identidade galega. A impronta do seu maxisterio fixo posible, directa ou indirectamente, todo o labor cultural e patriótico que motiva o tema das miñas palabras de hoxe.

En canto á manifestación de 1960, quero engadir que eramos máis de trescentos mil emigrantes que, con cadansúa bandeiriña galega na man, percorremos os dous quilómetros que van da Praza do Congreso á Praza de Maio. Diante ía a Banda Sinfónica Galega, que incluía doce gaiteiros, e ó longo daquela riada humana había máis gaitas e coros e moitas parellas que bailaban muífeiras e xotas. Cando chegamos ó histórico Cabildo, cantamos os himnos arxentino e galego. Aquela masiva demostración foi eloxiosamente comentada nos medios bonaerenses.

CONGRESO DA EMIGRACIÓN

Entre os días 24 e 31 de xullo de 1956 celebrouse en Buenos

Aires o Primeiro Congreso da Emigración Galega, para conmemorar o centenario do histórico Banquete de Conxo. Foi unha iniciativa do Consello de Galiza, que se deu a coñecer en pública comunicación do seu Secretario Xeral, Antón Alonso Ríos. No acordo tomado polo Consello designábase unha Comisión Organizadora que tiña o encargo de encamiñar ese evento, no que tomarían parte representantes de todas as colectividades galegas de América.

De primeiras divulgouse un Manifesto, dirixido a esas colectividades irmáns. Entre outros aspectos puntualizaba:

O fenómeno da emigración galega ten sido obxecto de atención dende diversos puntos de vista, para os nosos pensadores, os nosos poetas, os nosos economistas e sociólogos. [...] Aínda está por facer a bibliografía da emigración galega, labourea de primeira importancia para chegar a un estudio esgotador do tema. [...] Empresas culturais de outa categoría téñense encetado no seo das máis numerosas comunidades galegas de América. Novas e velhas institucións rivalizan en dar axuda á nosa cultura, en organizar actos, concursos, en crear editoriais, emisións de radio, publicar revistas, propiciar viaxes de esgrevias figuras da terra...

O temario abranguía tres grandes capítulos: pasado, presente e futuro da nosa emigración, con varios apartados en cada un deles. Un deses apartados referíase á emigración galega e a cultura. Abordaba temas como o feito migratorio na nosa literatura, a emigración a América e o Rexurdimento, a axuda a empresas culturais da Galicia territorial; o teatro galego, a música e as artes plásticas, a difusión cultural, a emigración e a lingua, a necesidade de crear cursos de galego, a cultura galega e as culturas nacionais americanas, a divulgación en América dos nosos valores culturais, etc.

Estiveron representadas decenas de asociacións galegas do continente e personalidades como Emilio González López, dos Estados Unidos; Francisco Comesaña, Marcial Fernández e Roxelio Rodríguez de Bretaña, de México; Luís Tobío e Xesús Canabal, do Uruguai; Xerardo Álvarez Gallego, de Cuba; Ramón Suárez Picallo, de Chile e Xosé Velo Mosquera, de Venezuela.

Presentáronse relatorios e comunicacións, chegados de Galicia e de diversos países de América, sobre todos os temas propostos. Mais cabe salientar que foi a cultura galega o que

maior espacío ocupou e que deu pé para os debates máis esclarecedores. A cultura no seu máis amplo sentido. A cultura como dignificación do ser diferencial do noso país e como desexo de todo un pobo creador que aspiraba á recuperación dos seus valores históricos, a unha vida digna e a unha convivencia democrática. (Téñase en conta que estabamos en 1956).

Ademais dos aportes individuais de personalidades da cultura galega radicadas en Buenos Aires, e das comisións de cultura de diversas sociedades e dos delegados de diferentes áreas de América, chegaron mensaxes dende a Galicia oprimida. Isto significaba que se consolidaban os vencellos (iniciados de xeito público dous anos antes na revista Galicia Emigrante, fundada e dirixida por Luís Seoane) entre a Galicia territorial e a do desterro; entre os que tiñan ideas afíns nunha e outra banda do Atlántico.

Na súa comunicación, Otero Pedrayo sinalaba: "Urxe afirmar en todo emigrante a conciencia do outo e senlleiro destino histórico da Nosa Terra. Ela remanecerá na bondade e na nobleza dos seus pensamentos e traballos. Por a cultura, por as formas de conversa e da sociedade, no artigo, no libro, na conferencia, na radio; hai que acender ese lume e trocar a brasa envolteita en cinza, en xenerosa chama".

Ademais de Otero enviaron relatorios outros intelectuais radicados en Galicia, como Ramón Piñeiro, Uxío, Leandro e Luís Carré Alvarellas, Domingo García-Sabell, Francisco Fernández del Riego, Xaime Isla Couto e un texto colectivo no que ademais dalgúns dos nomes xa citados, aparecen Ramón Cabanillas, Xoán Rof Carballo, Ricardo Carballo Calero e Celestino Fernández de la Vega. No dito traballo, que se centra, sobre todo, na defensa da lingua, veremos conceptos de moita actualidade, como:

A realidade europea abrangue dúas caras: unha, a cara política; outra, como a cara cultural. A imaxe representativa da primeira, refréxanos unha diversidade de culturas. Ambas imaxes non son idénticas, porque as realidades Estado e cultura, non se corresponden sempre. O Estado é unha forma cultural, unha creación da cultura, pero non é a súa raíz. A verdadeira raíz é o pobo. [...] Cada pobo é unha cultura. O que nos dá dereito a sérenos considerados como unha unidade viva e diferenciada dentro do conxunto europeo é, nin máis nin menos, o semos unha uni-

dade cultural.

Estes e outros conceptos foron moi debatidos e en xeral ben acollidos no Congreso.

Nese rumbo ían as ideas que nos deixara Castelao, que falecera seis anos antes, precisamente en Buenos Aires. Con implicacións máis amplas nos terreos económico, xurídico, social... Por aí andaban os nosos desacougos, as razóns do noso activismo patriótico e reivindicativo de Galicia.

Nunha ponencia de AGUEA (Asociación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas) propónse a creación dun Patronato Galego de Cultura, con asento na capital arxentina, que abarcaría aspectos educativos e de investigación en varias disciplinas que –para non enumeralas todas– ían dende as Artes Dramáticas e a Economía Política ata a Xeoloxía e a Minería.

No marco do Congreso, ademais de conferencias sobre temas galegos diversos e homenaxes a Rosalía, Castelao e Bernardino Rivadavia (primeiro presidente constitucional arxentino, de ascendencia galega), celebrouse un acto académico sobre a lingua galega na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Buenos Aires, no que tomaron parte Ramón Suárez Picallo, Rodolfo Prada, a profesora e ensaísta arxentina Julieta Gómez Paz e o antropólogo e lingüista alemán Fritz Krüger.

Evocando o Banquete de Conxo, dous mozos arxentinos e un galego pronunciaron brindes, como o fixeran cen anos atrás Pondal e Aguirre.

Galicia e a súa cultura foron temas constantes naqueles días e nos que seguiron na prensa e na radio arxentinas, e Buenos Aires inzouse de carteis nos que se destacaba a personalidade histórica do noso país e a significación da nosa cultura e da nosa presenza en América.

O Congreso tamén motivou ós poetas trasterrados. Transcribo algunhas estrofas do "Saúdo aos irmáns que veñen como delegados ao Congreso da Emigración Galega", de Avelino Díaz:

¡Saúde irmáns! ¡Benvidos
ó Galego xuntoiro!

Nós, ledos de mirarvos
xa connosco.
Con fraterno agarimo
as nosas mans abertas
i-os brazos estendidos
pr-ás apertas.
Vides pra darlle gozo
ao corazón da Terra
por vieiros locentes:
os da estrela.
De fillos ben amantes
traquedes as ofrendas
como doces meluras
das abellas.

.....

¡Boandanza con vosco!
¡Bos agoiros pr-á xeira!
¡Bon porvir ás cusadas
moitedumes galegas!

¡Louvanza aos emigrados
que nas terras alleas
non esqueceron nunca
o niño en que naceran!

A DEFENSA DA LINGUA GALEGA

A lingua orixinaria foi sempre para os emigrantes galegos máis concienciados, máis conscientes da súa identidade, un elemento de autodefinición. Esta consciencia era xeralmente adquirida no lugar de destino. Na aldea de nacemento utilizábase naturalmente, coma un xeito común de relación con parentes e veciños, pero non ía máis alá deso. Na escola, nas cerimonias da igrexa, nas cancións que se espallaban nas feiras, na relación cos gardas e coas entidades xudiciais, municipais, e outras instancias semellantes, todo se facía na lingua

do Estado. Se o aldeán ía á cidade, se entraba nun banco ou nunha tenda ou nun hospital, só podía expresarse, ben ou mal, en castelán. Isto viña dende a infancia, dende que o neno era alfabetizado, nunha escola non só deficiente en si mesma, senón tamén allea en canto ó vehículo lingüístico en que o pobo se comunicaba.

O castelán era a lingua do poder, dos evanxeos, a dos ricos, de xentes ben vestidas e ben mantidas, de zapato reluciente e caluga sombriza, que ás veces aparecían na aldea. Era a lingua dos documentos, dos recibos da contribución, das escrituras das leiras, das partillas, do envoltorio dos poucos medicamentos que se podían mercar, e tamén das cartas, poño por caso, ó fillo que estaba lonxe, no cuartel ou na emigración ou traballando nas minas ou navegando. Era traducirse malamente para transmitir un sentimento que de viva voz sería dito doutra maneira. Así nos afixeran dende o soletreo do silabario. Hoxe, que se pide perdón histórico por tantas cousas, alguén debería pedirlle perdón ó noso pobo por tales traumas.

Era sentirse inferior, sentirse menos, sentirse esmagado. Era sentir que o galego servía para malcomer, malvestir, lan-grear, tripar lama, sen hixiene, alumados por candís de gas ou fachucos.

O galego era a fala da pobreza, da burla allea, do entre-dentes familiar, do chiste grotesco e ata do autodesprezo. Era a lingua dos de abaixo. E quen quixese ascender algún chanzo na escala social sabía que eso implicaba asumir a lingua dos que ostentaban o poder e dos burócratas domesticados.

Xa sei que este tema foi exposto e denunciado moitas veces por filólogos, sociólogos e outros caviladores, e eu veño só a repetilo como experiencia persoal, se me é permitido. Nacín nunha aldea do val do Ulla, no seo dunha familia de campesiños pobres. A vivencia dos anos da nenez (que foron os da guerra e da posguerra) deixaron en min unha rebeldía e un afán de xustiza non só social senón tamén cultural, diante do abafado e o alleamento padecidos. E se o conto en primeira persoa, fágo porque así cadra, pero tal era a situación de milleiros de rapaces labregos do meu tempo. Se vale como botón de mostra, direi que fun castigado na escola por escribirlle en galego

unha inocente cartiña a un compañeiro. El tiña dez anos e eu nove. E valla como anécdota que comecei a desquitarme ós dezasete, cando nas festas do entroido ullán lle axeitaba versos galegos a corridos mexicanos de moda, e os coros ocasionais e os veciños repetíanos con agrado. E uns cantos amigos e amigas creamos un grupo teatral que representou obras de autores galegos, en lingua galega, escritas nos anos da República.

Retorno ó tema central do discurso. En Buenos Aires ancheouse o horizonte vital de milleiros de mozos e mozas aldeáns que iamos arribando, cheos de ilusión, a aquela cosmópole. Moitos, ademais de gañarmos o pan de cada día, estudiabamos polas noites e, ademais, en contacto cos paisanos máis lúcidos e combativos, descubrimos Galicia, e dende entón traballamos con lexítimo entusiasmo pola dignificación do noso país de orixe. Asumíamolo como algo ineludible. Como unha mística. Os que non participaban dictando conferencias ou asistindo a elas, falando de Galicia pola radio, ou editando libros, poño por caso, facíanos asociándose á entidade comarcal ou provincial a onde pertencían, facendo o seu aporte para calquera obra de ben común ou bailando os domingos pola tarde nalgún centro recreativo da colectividade. Cada quen evocaba á súa maneira a terra deixada, cunha clara disposición asociativa e solidaria.

Tales actitudes caracterizaban á nosa xente. Coñecín emigrantes chegados de Turquía, do sur de Italia e incluso doutras áreas do Estado español que crebaran todo vencello co lugar de orixe. Castelao dicía que vía embarcar en Vigo mozos en mangas de camisa, ledos, como se fosen dar unha volta pola ría, e os máis deles nunca desandarían o camiño. Engadía que eso era así porque quedaban unidos á terra onde naceran polo cordón umbilical da saudade.

Un deses vínculos, poida que o máis sólido, é a fala. Se debido á diglosia existente, había certo complexo de inferioridade respecto da lingua nai, isto dábase sobre todo en Galicia e arredores. Na América hispana, inda que en menor medida, algunhas veces tamén ocorría. Ata onde sei, onde non se daba tal situación era en Brasil, porque a lingua do país vivía sendo case a mesma do emigrante galego que alí arribaba.

En Buenos Aires, nos anos cincuenta, os galegos sabían que accedían a unhas liberdades que non tiñan no seu país de orixe, entre elas a de poder ler revistas e xornais nos que aparecían traballos, ás veces de contido político, escritos en lingua galega; oían galego na radio, vían representacións teatrais e utilizaban a fala herdada cos paisanos. Nunha cidade onde se falaba italiano, alemán, árabe, quechua, guaraní... era un idioma máis, un dos tantos que circulaban nesa babel étnica e lingüística. Ninguén se burlaba de ninguén porque prescindise do castelán oficial.

Por eso era frecuente escoitar a nosa fala non só nas sociedades, senón nas rúas de San Telmo, nas avenidas de Mayo, Belgrano, Entre Ríos, ou nos barrios periféricos de Saavedra, San Isidro... Coñecín nunha ocasión un camioneiro duns cincuenta anos de idade que falaba galego como calquera dos veciños da miña aldea. Pregunteille de qué parte de Galicia era e dixo que nunca estivera aquí. Seus pais administraban unha finca na Pampa, sen outra poboación en moitos quilómetros. Falaban galego e ese foi o idioma dos fillos. Tardaron en coñecer outro. Naquel dilatado continente esto soe darse con certa frecuencia.

En canto á lingua escrita, podo contar outra anécdota persoal. Chego a Buenos Aires, descubro que a fala que mamara dende o berce tiña unha historia e unha significación cultural que ía máis alá do uso doméstico que lle dera na aldea; escribollo a meu pai (home sensible, de oficio carpinteiro e labrego), e fálolle con emoción daquela descuberta. Despois das primeiras cartas en castelán, como nos afixeran a facelo dende a escola, utilizo o galego e pídlle que tamén el o faga. E faíno. E tamén el descobre algo que o sorprende. Dime que con menos palabras podía contarme máis cousas e mellor contadas, e o raro que resultaba andar traducindo a fala de cada día a outra lingua mal sabida, que non era a do sentimento para escribirlle a un fillo. Nos vintecatro anos que viviu despois dese acordo escribume sempre, invariablemente, en galego. E en galego escribinme tamén, dende entón, con meus seis irmáns e cos sobriños. Para min, o uso íntimo da lingua orixinaria, o uso familiar, ten tanto valor como a súa utilización nun poema ou nunha novela. E inda ten máis se o poeta ou narrador teñen

o galego unicamente como ferramenta literaria.

Veño de referirme ó primeiro Congreso da Emigración Galega celebrado en Buenos Aires. Á parte doutras cuestións que atinxen ós emigrantes e a Galicia, como dixen, todo o relacionado coa lingua tivo unha marcada presenza; unha presenza constante, prioritaria. Mentres que nas formulacións de orde política entre os galegos dunha e outra banda do mar había ás veces certas discrepancias, certos desacordos, no que atinxe á lingua mantiñan uns postulados afíns. Mencionei o relatorio colectivo encabezado por Cabanillas e Otero Pedrayo, que foi presentado naquel Congreso. Entre outras consideracións puntualizábase:

O idioma é [...] a máis grande creación cultural. Por ser obra creada por todos e poseída por cada un, é mesmamente aquilo que a todos fai imáns, que lle dá a unha comunidade social a fisonomía obxetiva de pobo. Toda comunidade social que chega a crear unha lingua de seu, convírtese en comunidade espiritual peculiar, manifiesta o seu rango de pobo. Con razón puido dicir Murguía que "o idioma é a verdadeira bandeira nacional". [...] O pobo galego creou o seu idioma nun esforzo semellante e paralelo ó que os restantes pobos de Europa foran realizando a través das diversas continuidades históricas. Dende entón, Galicia, por propio dereito, é unha das unidades que integran o mapa cultural de Europa.

A continuación refírese o texto do dito relatorio á defensa da lingua como unha empresa común de todos os galegos. Propón a súa normalización, a elaboración dun gran diccionario e a creación dun Patronato da Lingua Galega. E postula:

Nuns cantos anos, si combinamos a capacidade dinámica da Galicia emigrada co potencial da Galicia territorial, chegaremos a un vigoroso e pleno desenvolvemento da nosa personalidade colectiva.

Entre os diversos documentos recibidos de Galicia pola Comisión Organizadora do Congreso sobre o idioma galego, escollin fragmentos do citado relatorio, avalado por nove intelectuais de prestixio. E en torno ó mesmo tema chegaron tamén comunicacións de diversas colectividades galegas de América. Limitareime a transcribir as propostas do Patronato da Cultura Galega de México:

1. Unificación da lingua e as grafías.

2. Declaración do galego como lingua oficial de Galicia.
3. Que a Real Academia Galega faga as súas publicacións oficiais de Gramática, Dicionario, epitomes, silabarios e cañóns, en galego.
4. Que faga intertroques coas outras academias, centros docentes e sociedades culturais.

Son só dous exemplos, un de Galicia e outro da emigración, de como a nosa xente máis pensante valoraba a defensa da lingua.

Escritores e poetas arxentinos, sen dúbida influídos polo noso fervor lingüístico, ergueron por veces as nosas bandeiras. Dende ben antes, xa algúns se tiñan acercado ó idioma galego, e chegaron incluso a utilizalo, como é o caso do poeta Eduardo Jorge Bosco. Durante a década á que me refiro hai tres nomes que debemos mencionar. Un deles foi Víctor Luis Molinari, autor de Itinerario gallego, Poemas para mi retorno, Latitud Finisterre, El perfil en la sombra, e un estudio sobre Rosalía de Castro. Escribía en castelán, mais ten publicado artigos, comentarios radiofónicos e poemas dedicados á lingua galega. No primeiro dos libros mencionados hai un aforismo que di: "Luchar contra el idioma gallego es como pretender quitarle el pulso a la sangre". Toda a súa obra escrita e dada a coñecer nos anos cincuenta ten a Galicia como motivación permanente.

Outros dous poetas arxentinos estiveron naqueles anos vencellados ó noso facer cultural, e de xeito específico á defensa da nosa lingua. Refírome a José González Carbalho, que entre outras obras publicou un Libro de canciones para Rosalía de Castro; e a Francisco Luis Bernárdez, autor de Florilegio del Cancionero Vaticano, La ciudad sin Laura, Poemas de carne y hueso... Na súa adolescencia vivira un tempo en Galicia, onde amistou con Carlos Maside e Vicente Risco. En galego escribiu poemas e artigos.

O 19 de setembro de 1952, ambos poetas exaltaron a lingua galega en cadansúa conferencia que dictaron na Galería Velázquez, de Buenos Aires. "Idioma y poesía gallega", titulábase a de González Carbalho. Comezaba así: "Con sentimiento muy hondo de veneración a la tierra de mis antepasados y de respeto a una civilización que tiene para mí un alucinante en-

canto de fábula, inicié este trabajo sobre el idioma gallego". Recordaba a seu pai emigrante falando galego, "fuente inagotable de sustancias poéticas". Evocou os cancioneros medievais, a literatura popular, as voces do Rexurdimento, o privilexio de Galicia por ter unha lingua de seu.

Bernárdez falou en galego, con sabedoría e emoción. Dixo que "para exaltar a Galicia nada hai mellor que entoar os louvores do seu verbo de sempre, porque se ben é certo que son moitas as glorias de que ela pode gabarse, tamén é verdade que ningunha encarna dun xeito tan termiñante o feito indiscutible da nosa personalidade total". Refírese ás "aguas de Roma que trouxeron no peteiro á Galicia dos druidas unha lingua que tiña a beleza e a forza da luz. E o idioma da Lei fíxose verbo de canción". Tamén el, fillo de emigrantes, recordaba a lingua dos pais latexando nun fogar porteño. Estas dúas conferencias publicounas nun mesmo volume o Centro Galego co título de *La lengua gallega en voces argentinas*.

Moitas outras foron as actividades que se levaron a cabo neses anos en Buenos Aires en defensa da nosa lingua. Mais quero determe en dous feitos singulares. Veño de mencionar ó poeta Francisco Luis Bernárdez e hai que engadir ó dito que publicou na revista porteña *Criterio*, o 13 de maio de 1954, un artigo que tituló "El idioma prohibido". Referíase ó galego. Nel fai historia de toda a evolución da nosa lingua e da literatura galega. Comeza sinalando:

Nadie que conozca medianamente la historia de la cultura hispana puede ignorar lo mucho que esta debe al noble y esforzado pueblo gallego.

Vai enumerando nomes e obras e engade:

Disminuidas sus vías de acceso al libro (con ruinosas consecuencias para una meritoria empresa editorial) y cerrados casi en absoluto sus medios normales de llegar al periódico y a la revista, el gallego parece condenado a convertirse nuevamente en una lengua puramente oral. Por obra de un poder político que no se cansa de invocar el valor de la cultura de Occidente, uno de los idiomas más antiguos y más hermosos del extremo meridional de Europa sufre incomprensible persecución.

A colectividade galega, con motivo do décimo oitavo ani-

versario do plebiscito do Estatuto de Autonomía, imprimiu milleiros de exemplares do artigo de Bernárdez. Pedíuselle permiso para facelo e estivo de acordo. Inda que non ía firmado levaba unha introducción titulada "En defendimento da sagra lingua galega", que escribiu Rodolfo Prada. Foi enviado a todas as sociedades galegas de América, a deputacións e a algúns concellos galegos e a intelectuais e centros de cultura da Arxentina. Reproducírono revistas e xornais de Buenos Aires. Por diferentes vías remitiúselle a personalidades de Galicia en cantidades apreciáveis. E os membros das Mocedades Galeguistas espallárono man por man nas rúas céntricas da cidade e nas portas de entrada dalgunhas das nosas asociacións e nos diferentes actos culturais e patrióticos.

Nese mesmo ano, en novembro, produciuse outro feito singular. Celebrábase unha xuntanza internacional da UNESCO en Montevideo. A colectividade galega de Buenos Aires, representada por Imandade Galega, Centro Galego, Centro Coruñés, Centro Ourensán, Centro Pontevedrés, Centro Betanzos e Centro Corcubión, dirixiuse a ese organismo especializado da ONU cunha denuncia sobre a persecución do idioma galego polo Estado español. Imprimíuse un folleto con textos en galego, francés e inglés. Enumerábase a ausencia da nosa lingua no ensino, na prensa, no culto; mencionábase a clausura do Seminario de Estudos Galegos, a censura previa, a imposibilidade de publicar traducións das obras de autores modernos, e a prohibición de empregar o galego en conferencias e actos culturais. Citábase como exemplo que en Nadal de 1951, cando ingresou na Real Academia Galega o arquitecto Manuel Gómez Román, a quen respondía Ramón Otero Pedrayo no acto de recepción, foilles prohibido a ambos ler os seus textos en galego; víronse forzados a incumplir o regulamento académico e a improvisar discursos en castelán.

EDITORIAIS

Cando en Galicia, debido á censura, a penas se podían publicar libros en lingua galega, foi en América e de xeito fundamental en Buenos Aires, onde continuou o labor editorial. Non

se trataba dunha alternativa conxuntural proxectada dende aquí, senón de algo totalmente novo, artellado por emigrantes e exiliados da Guerra Civil, con sensibilidade e con amor ó seu país de orixe. E con vocación de galegos que non se resignan a crebar as súas raíces históricas, étnicas e culturais. As ideas de progreso e de afirmación da propia identidade caracterizan dende sempre ós nosos trasterrados. De aí as institucións, os símbolos e as trescentas escolas, por citar algúns fitos, que chegaron da outra banda do Atlántico. A creación de editoriais galegas durante a década que nos ocupa ten un precedente en Buenos Aires. Moita xente nosa emigrou sen ter ido á escola. Alí, con grandes esforzos, alfabetizouse, seguiu estudiando e lendo e informándose. Tiña diante un horizonte múltiple e quen máis quen menos arrincou de si as potencialidades que aquí lle coutaran. Uns foron dirixentes sociais e loitaron polo ben común, outros chegaron a rexer empresas, algúns alcanzaron a Universidade. Galicia sempre foi unha referencia entrañable para todos, unha referencia evocada de distintas maneiras: activismo galeguista e galeguizador, creación de asociacións comarcais ou provinciais e exercicio da palabra escrita (a palabra que antes fora só unha clave oral para entenderse cos demais nun ámbito estreito e limitado); a palabra que en signo, en letra de molde, facía a súa emocionada aparición nalgún periódico da colectividade, case sempre evocando o recanto natal ou denunciando eivas que o autor ou autora padeceran en carne propia e que seguían padecendo os que quedaran nesta beira. E da revista ou semanario, atendendo unha vocación latente, pasaban algunhas veces ó libro, para darlle máis transcendencia á súa mensaxe. Libro que lle encargaban a algunha imprenta e pagaban do seu sempre limitado peculio. E aquel ramallete de follas impresas e encadernadas ía dar ós amigos e cruzaba o mar de volta na procura dos parentes máis achegados que o lían con certo asombro. O que se fora uns anos antes certamente fixera a América, unha América non de difeireiro, senón de palabras revalorizadas no desterro.

Esta é a historia de moitos libros publicados en Buenos Aires, pagados polo autor que, ás veces, recatadamente, inven-

taba un selo editorial calquera, poñía o nome dunha casa editora que non existía, e outras, a editorial era real, verdadeira, pero igual era o autor quen pagaba a edición.

Algúns casos de clara edición de autor son: A roseira da saudade, de Antón Zapata García; Debezos e Pallaregas, de Avelino Díaz; Cantigas de nenos, de Emilio Pita; Contos do Miño, de Eliseo Alonso; Amore, arte e misticismo, de Antón Alonso Ríos; Muñada noitébrega e Penas son cantares, de Xosé Conde; Os fidalgos de Rante, de Alfonso Gayoso Frías; A gaita a falare, de Ramón Rey Baltar... Algúns destes títulos son anteriores á década que estudiamos pero consignámoslos porque son a base, o antecedente da actividade editorial do período citado.

O ano 1939 publica Rey Baltar o libro de versos que mencionei, todo un alegato contra a difícil situación que padecía Galicia. Foi o punto de partida doutras edicións significativas, como, por exemplo, Sempre en Galiza (1944), de Castela, ou Jacobusland, de Emilio Pita.

Pero baixo o impulso de Luís Seoane, e coa colaboración permanente de Arturo Cuadrado, foron xurdindo editoriais orgánicas, como Emecé Editores, fundada en 1940, que ten as coleccións Doma e Hórreo; e en 1944, nace a Editorial Nova, coas coleccións Pomba e Camino de Santiago. En total uns cincuenta títulos, como Aires da miña terra, de Curros Enríquez, Los precursores e Diego Gelmírez, de Murguía, De catro a catro, de Manuel Antonio, Divinas palabras, de Valle-Inclán, as cantigas de Macías o Namorado, novelas de Emilia Pardo Bazán, o Cancioneiro popular galego, de Pérez Ballesteros, e libros de Martín Sarmiento, do conde de Gondomar e de Otero Pedrayo.

A finais dos corenta, tamén por iniciativa de Seoane e Cuadrado, comeza o seu labor a Editorial Botella al Mar, que entra de cheo na década que nos ocupa. Entre moitos outros títulos publicou Lonxe, de Lorenzo Varela, Na brétama, Sant-Iago, de Luís Seoane e Seara de romances, de Eliseo Alonso.

Ediciones Galicia, do Centro Galego, levou a cabo tamén un destacado labor editorial. Seoane era asesor cultural do Centro e, ademais de dirixir a revista, orientaba a directiva sobre os concursos literarios e as edicións de libros. Monografías de

1. Funcionaba no fogar de Anisia Miranda e Xosé Neira, na rúa Asunción 3035.

arte, poesías, ensaios, biografías e historia, eran os xéneros principais que abranguían estas edicións. (Segundo os estatutos, o Centro Galego destinaba o dous por cento do seu millo-nario presuposto para actividades culturais; unha delas era a publicación de libros). Non me estenderei na mención de títulos, mais pode ser ilustrativo citar algúns autores: Francisco Fernández del Riego, Emilio González López, Xesús Carro García, Alberto Vilanova, Otero Pedrayo, Manuel María, Pura Vázquez, Luís Carré, Filgueira Valverde...

"Esta editorial establécese co desexo de servir á causa de Galicia...", puntualizaba Seoane, en 1956, cando botou a andar a Editorial Citania, empresa que foi encamiñando, con aportes de innegable calidade, as coleccións Idacio, Mestre Mateo, Martín Sarmiento, A erba de namorar, e autores tan coñecidos como Isaac Díaz Pardo, Ramón de Valenzuela, Ánxel Fole, Sebastián Martínez Risco, Valentín Paz-Andrade, Cruz Gallástegui, Emilio Pita, Isidro Parga Pondal.

En Buenos Aires publicáronse As cruces de pedra na Galiza, de Castelao; unha biografía de Alexandre Bóveda, escrita por Álvarez Gallego; A esmorga, de Eduardo Blanco Amor; Galicia no espello, de Fernández del Riego; Pensamento e sementeira, de Antón Villar Ponte; Fardel de exiliado e dous libros de tapas, de Seoane; Grandeza y decadencia del reino de Galicia, de González López, fitos importantes da nosa bibliografía do exilio.

Á parte destas editoriais, hai outros selos editores que naceron en Buenos Aires neses anos, como Alborada, As Burgas, Ánxel Casal, Lérez, Nós, Follas Novas, Rueiro, Muxía, Alén-Mar, Miño, Arsnovos, Cuco-Rei, algunhas subordinadas a asociacións da nosa colectividade e outras de carácter privado, pero sempre dedicadas ó libro galego.

En case todo este inxente labor editorial, como xa vimos, está a man de Luís Seoane, ben como autor, como director, como ilustrador, como maquetista. Non se pode falar do libro galego en Buenos Aires sen referirse a el. E aínda cōmpre engadir que máis alá do ámbito galego deseñou tamén moitos libros para editoras arxentinas. O noso artista fixo escola. Deixou a súa impronta, a súa orixinal linguaxe gráfica no Prata.

DISTRIBUCIÓN DE LIBROS

Como vimos, na década dos cincuenta, en Buenos Aires, creáronse editoriais e publicáronse libros, en lingua galega ou en castelán, pero sempre referidos a Galicia. Mais, ¿como chegar ós potenciais lectores? Manuel Puente tiña na súa casa exemplares de As cruces de pedra na Galiza, de Castelao; podíanse conseguir Sempre en Galiza ou a Antoloxía de Lamas Carvajal, no Centro Ourenán; Poemas galegos, de Rosalía, e o volume Poesía inglesa e francesa verquida ó galego era doado mercalos na Federación de Sociedades Galegas, pero en ningún caso se anunciaban nin estaban á vista. Poderíamos poñer inda máis exemplos. A Editorial Citania (igual que fixera Galaxia aquí) tiña uns poucos subscritores.

Onde unicamente se vendían libros era nun local do vestíbulo do Centro Galego, mais, salvo algunha excepción, limitábase a comerciar as obras de Ediciones Galicia, do propio Centro. Houbera sido un lugar axeitado para ofrecer o fondo que andaba disperso, pero non ocorría así. Ata que se creou Follas Novas¹, unha denominada "feira permanente do libro galego". Inaugurouse o 15 de xullo de 1957, coincidindo coa data aniversario do pasamento de Rosalía. Foi aquela —en palabras do recordado Ricardo Palmás— "unha das últimas iniciativas renovadoras nadas na emigración galega na Arxentina".

Esta organización, que un ano despois comezaría tamén a súa actividade editorial, tiña como finalidade reunir todo o que se publicaba en galego ou referido a Galicia en calquera parte do mundo. Comezou coas edicións de autor, os remanentes das editoriais Emecé e Nova e os libros que viñan publicando os selos editores xa mencionados. A esto engadiuse o fondo de Galaxia, o das editoriais Porto, Bibliófilos Gallegos, Benito Soto e as obras de interese galego de casas de Madrid, Barcelona, París e México.

Follas Novas fixo imprimir catálogos, creou un sistema de información postal de novidades, instalou vitrinas en oito importantes sociedades galegas nas que se expoñían os libros que ían chegando. Ademais organizaba actos culturais, como o da homenaxe a Otero Pedrayo cando visitou o Prata en 1959.

Os organizadores anunciaban as súas actividades nas revis-

tas e nas emisións de radio e vendían libros nos actos públicos da colectividade, para o que contaban coa axuda de mozos vencellados ás nosas asociacións. Por outra parte, estableceron filiais ou núcleos de colaboradores en Santa Fe, Rosario, Mar del Plata, así como en Santiago de Chile, Montevideo, Nova York e Caracas. Nunha das audicións radiofónicas galegas comentábase cada semana un libro, nunha sección denominada "Mirador bibliográfico galego", que lía a malograda Elsa Fernández.

Cada sábado, na sede de Follas Novas celebrábanse unhas xuntanzas xuvenís nas que se comentaban os libros que ían chegando e líanse poesías, narracións, ensaios. Nelas tomaban parte mozas e mozos galegos e arxentinos.

Follas Novas organizou a primeira exposición da prensa galega na Arxentina e tres exposicións do libro galego. Unha delas no Centro Lucense complementada cunha mesa redonda sobre os nosos libros e autores; outra inauguroua Luís Tobío en Montevideo, e unha terceira levouse a cabo en Caracas, coa presenza de Emilio González López e Pura Vázquez.

Doábanse libros a asociacións galegas de escasos recursos, así como á Biblioteca Nacional, á Sociedad Argentina de Escritores e eventualmente a algunha outra institución cultural do país.

ASOCIACIÓN GALEGA DE UNIVERSITARIOS, ESCRITORES E ARTISTAS (AGUEA)

A numerosa presenza de intelectuais galegos, emigrantes ou exiliados da Guerra Civil, xustificaba a necesidade desta asociación. Entre os seus principais animadores estaban Seoane, Dieste, Blanco Amor, Lorenzo Varela, Antonio Baltar e Xosé Núñez Búa.

Os obxectivos de AGUEA eran moi amplos. Un deles consistía en "rexistrar, difundir e fomentar [...] as obras de todo autor que signifiquen a exaltación de Galicia". Postulaba o estudo e exercicio da lingua galega e o coñecemento dos valores históricos do noso país, así como a súa autodeterminación e o goce dos seus recursos e dereitos naturais. Desenvolvíanse as súas activi-

dades, de xeito altemo, no Centro Galego e nas sedes dos centros provinciais.

Gracias ás xestións e coordinacións de AGUEA puidemos contar coa presenza e a palabra de profesores e escritores galegos e arxentinos como Bibiano Osorio Tafall, Narciso Pousa, Bernardo Canal, Xulio Paineira, Clemente Balmori e Carmen Garay. Por outra parte, Seoane ofreceu unha conferencia sobre o escultor Eiroa, falou Dieste das Misións Pedagóxicas durante a República e Otero Pedrayo, cando visitou a Arxentina por segunda vez referiuse ó significado da parroquia galega.

Concertos, exposicións, homenaxes, actos conmemorativos e coloquios foron outras realizacións da entidade, que, ademais, no Primeiro Congreso da Emigración, propuxo que se crease un Museo Circulante de fotografías e obras de arte galegas.

Hai que mencionar tamén os cursos patrocinados por AGUEA como unha das iniciativas de maior relevancia cultural e formativa. Eduardo Blanco Amor, con amenidade e eficacia profesional, ensinaba lingua galega. Ramón de Valenzuela coñecía coma poucos a xeografía de Galicia e impartía con fervor esta materia, case declamando os nomes de ríos, montañas, poboacións e ribeiras. Con rigor mostrábanos Alberto Vilanova o encerellado devir da nosa historia. E Rafael Dieste explicaba, erudito e ameno ó mesmo tempo, literatura galega, dende o canto dos trobeiros medievais e o Rexurdimento ata a obra dos creadores máis recentes de entón. Todo un privilexio para nós, que fomos dependendo, asumindo e querendo a unha patria a milleiros de leguas do seu territorio.

MOCEDADES GALEGUISTAS

Era unha asociación xuvenil integrada por mozos e mozas galegos e arxentinos de ascendencia galega. Constituíuse o 28 de agosto de 1953, no Centro Ourensán. Viña sendo algo así como a rama xuvenil da Imandade Galega, fundada por Castella, que agrupaba ós galeguistas do exilio. Na práctica, as Mocidades actuaban de xeito moi autónomo. No acto inaugural falou Antón Alonso Ríos, secretario do Consello de Galiza.

Tratábase dunha organización patriótica e cultural. E nesas dúas entrecruzadas vertentes desenvolvían aqueles mozos toda a súa actividade. Crearon un periódico, *Adiante*, obviamente escrito en galego. Utilizaban indistintamente as instalacións dos centros Ourensán, Coruñés, Betanzos e Corcubión. Apoiaban as actividades da Comisión Intersocietaria, composta por oito sociedades, e colaboraban por tanto nos actos en que se conmemoraban o 28 de xuño (aniversario do plebiscito de autonomía de Galicia), o 17 de agosto (data do fusilamento de Alexandre Bóveda, que se instituíu como Día dos mártires galegos), e outros de carácter eventual.

Patrocinaban ciclos de conferencias nos que tomaron parte Ramón Suárez Picallo, Bieito Cupeiro, Ramón de Valenzuela, Rodolfo Prada, Xervasio Paz Lestón, Emilio Pita, Lino Pérez... Unha vez á semana levaban a cabo reunións de estudio, que tiñan lugar case sempre nos centros Ourensán ou Betanzos. De primeiras estudiaaron, como base formativa, Sempre en Galiza, de Castelao. Capítulo tras capítulo ían debullando aqueles textos referidos ós problemas crónicos e á historia recente de Galicia. O membro do grupo, Carlos Abreira, arxentino, elaborou o primeiro índice temático da obra para facilitar a súa consulta.

Ademais do libro de Castelao, analizaron e debateron temas como a cultura popular galega, o labor cinematográfico de Carlos Velo, o Rexurdimento, as guerras imandianas, a nosa poesía medieval, a significación de Rosalía, as Imandades da Fala, a loita antiforal de Basilio Álvarez, a obra do Seminario de Estudos Galegos... Aquela mocidade galego-porteña dispoñía dunha cultura e dunha información sobre Galicia que era impensable para a mocidade desta orela.

A acción das Mocidades Galeguistas era ollada e seguida con simpatía na colectividade galega. Realizou un traballo fecundo, non só entre os do seu tempo, senón tamén entre os maiores. Tiñan abertas as portas das máis das sociedades de emigrantes, nas que había uns encerados ou taboleiros onde aquela asociación xuvenil anunciaba as súas actividades.

Nos finais de 1953, as Mocidades Galeguistas acordaron co grupo Joventut Catalana e coas xuventudes de Acción Vasca a creación de *GALBUZCA*. En realidade ese pacto das tres nacionalidades históricas fora acordado en 1923, en Barcelona, e tivera

curta vida. En 1944 reactivouse no Prata, por iniciativa de Castelao, pero dende o pasamento de Daniel a entidade fora esvaeando ata desaparecer. A *Galeuzca* dos mozos, a dos anos cincuenta, inda que tamén durou pouco, serviu para que uns e outros se coñecesen mellor, a partir de actos e conferencias, actuación de grupos folclóricos das tres nacionalidades e publicación de informacións de contido histórico e do respectivo aporte á cultura arxentina de galegos, vascos e cataláns.

ASOCIACIÓN ARXENTINA DE FILLOS DE GALEGOS

Naceu en outubro de 1959 na sede de Follas Novas. Nun comezo estaba integrada por mozas e mozos arxentinos de ascendencia galega, que concorían cada sábado ás tertulias que patrocinaba a mencionada organización libreiro-editorial.

Foron nucleando a moitos outros mozos. Publicaban o boletín *Alén-mar*. Fixeron acampadas estudiantís en zonas da Patagonia, e denominaron cada tenda de campaña co título dunha obra literaria galega.

Unha delegación daquel activo grupo veu a Galicia e foi atendida por algúns dos nosos escritores en Vigo e en Santiago.

Eran entusiastas divulgadores da cultura e da historia de Galicia e mantiñan relacións con asociacións xuvenís de Irlanda, Brasil, Chile, México e Estados Unidos. Falaban e escribían en galego e levaron a cabo actos culturais e encontros para abordar temas relacionados coa terra dos seus ancestros.

Organizaron cursos de lingua galega, que dictou nos primeiros tempos Eduardo Blanco Amor e que logo continuaría Ricardo Palmás.

EMISIÓN RADIOFÓNICAS

Nos anos cincuenta coexistían en Buenos Aires varias emisións radiofónicas galegas. Eran de frecuencia semanal e de signo republicano e galeguista. Maruxa Boga, actriz arxentina vencellada ó teatro galego, dirixía *Recordando a Galicia*, xunto con Alfredo Aróstegui. Entrevistaban a figuras destacadas da

cultura galega, ofrecían noticias da colectividade e de Galicia, e lían poesías e narracións na nosa lingua.

O actor Fernando Iglesias, Tacholas, tiña ó seu cargo La Voz de Galicia, de contido semellante á anterior. Lía contos e recitaba poemas, entre os que sentía preferencia por algúns de Curros Enríquez e a "Oración do artista que volta", de Seoane.

Andrés Rodríguez Barbeito rexía Galicia en el aire, audición na que se defendían os valores históricos do noso país e se fustigaba o franquismo.

Un matrimonio galego orientaba Recordando España, que de feito ocupábase case exclusivamente de temas galegos.

Luís Seoane era o responsable de Galicia emigrante, homónima da revista que el fundara e dirixía. Escribiu case mil traballos para esa emisión que todos agardabamos, domingo tras domingo, con marcado interese; entre outros colaboradores contaba con María del Pilar Lebrón e Carlos Arturo Orfeo.

Radio del Estado transmitía algunhas veces audicións monográficas sobre aspectos da cultura galega e, invariablemente, o acto central do 25 de xullo.

Auspiciaba unha audición radiofónica o Centro Lucense na que ofrecía noticias da institución e temas literarios e históricos. Algunhas veces lían textos de Suárez Picallo, director do periódico Lugo.

Segundo Pampillón era asesor musical de emisións radiofónicas galegas.

Estas audicións radiofónicas, que chegaban a moitos fogares galegos e arxentinos nun tempo en que a televisión a penas comezaba, emitíanse por centrais que levaban os nomes de Radio Mitre, Radio Rivadavia, Radio Porteña, Radio Libertad, Radio Belgrano, Radio Splendid e a xa citada Radio del Estado.

Eran vehículos de cultura, de ideas democráticas, de posicións solidarias. As entrevistas a personalidades relevantes, as noticias, as actuacións de solistas ou de grupos musicais ou coros, en directo, mostraban unha imaxe de Galicia e dos galegos que logrou escurecer a que de nós daban algunha que outra vez certos sainetes anacrónicos que no seu momento foron unanimemente rexeitados.

TEATRO

Durante a década a que me veño referindo xa non estaban en Buenos Aires Daniel Varela Buxán nin Maruxa Villanueva, que con outras figuras do noso teatro crearan alí a primeira compañía profesional galega que, ademais doutras obras, estreara, en 1941, Os vellos non deben de namorarse, de Castellao.

Tacholas, o admirado actor ourensán, que fomara parte daquela compañía, seguiu activo e, ademais de actuar no teatro e no cine arxentinos, onde era moi valorado, continuou representando teatro galego. Na sala porteña Gran Splendid puxo en escena pezas de carácter costumista de Varela Buxán, Xavier Prado, Lavín Echeverría e Lito López.

Ricardo Flores fundou o grupo Lugrís Freire. Entre outros integrábanse Carmen Moreno, Zulema García, Anisia Miranda, Manuel Lorenzo, Francisco Blanco, Antón Moreda e Xosé Neira. Levaron á escena obras de Nan de Allariz, Lugo, Leandro Carré e do propio Flores, autor de Un ovo de dúas xemias, O afiadador, Enguedello...

Eduardo Blanco Amor estivo sempre vencellado á dramaturxia, como autor ou director. En 1957 fundou o Teatro Popular Galego e montou a obra da súa autoría O cantar dos cantares, así como Estadeíña, de Lugo. Tamén dirixiu a posta en escena de As bágoas do demo, de Ramón de Valenzuela.

Á súa vez, Valenzuela traduciu e adaptou a comedia O casamento do latoneiro, do dramaturgo irlandés John Synge, que se representou no Centro Lucense; e A camisa, de Lauro Olmo, a cargo do grupo de teatro do Ateneo Curros Enríquez, da Federación de Sociedades Galegas.

Cabe engadir que neses anos tamén se publicaron en Buenos Aires algunhas obras teatrais, como as pezas de Ricardo Flores arriba citadas, unha adaptación feita por Roxelio Rodríguez de A Virxe do Cristal, de Curros; Pauto do demo, de Ánxel Fole; Os fidalgos de Rante, de Alfonso Gayoso Frías; Midas e O ángulo de pedra, dúas traxedias de Isaac Díaz Pardo; Mal ollo, de Cándido González, e os " Tres contos escénicos" de Eduar-

do Blanco Amor: A medosa Blandina, A lebre das ánimas e A tía Lambida. Na radio (audición Recordando a Galicia) escenificáronse capítulos da novela Os dous de sempre, de Castelao.

ARTES PLÁSTICAS

É significativa a presenza de artistas plásticos galegos en Buenos Aires durante eses anos. Castelao deixara un mural no café La Casa de la Troya, xunto con outros de Ribas, Seoane e Colmeiro, figuríns e carautas para a estrea de Os vellos non deben de namorarse e as ilustracións dalgúns libros da Editorial Atlántida. No Centro Ourensán había unha mostra permanente dos seus debuxos de guerra. Morreu precisamente no comezo da década, pero o seu maxisterio, do que formaba parte a súa obra plástica, seguía vivo.

Seoane ilustrou centos de libros. Facía cada ano unha exposición de óleos e gravados na Galería Bonino, e as súas pinturas murais, algunhas de grandes dimensións, como a do Teatro Municipal San Martín con motivos circenses, seguen embeleando a cidade e mostrando nas máis delas escenas galegas do campo e do mar.

Destacada foi tamén a presenza de Colmeiro. Presentou exposicións, dedicouse ocasionalmente á ilustración, e tamén deixou en Buenos Aires a súa arte mural, de inconfundible acento galego.

Laxeiro viviu case vinte anos na urbe porteña. Fixo retratos, ilustrou algúns libros, pintou un mural e mostrou sucesivas exposicións de óleos na Galería Velázquez.

Neses anos tamén arribou á Arxentina Isaac Díaz Pardo, que, como enxeñeiro e artista ó mesmo tempo, puxo en marcha a industria de Porcelanas Celtia, fixo unha exposición de cerámicas e pinturas, que xa foi mencionada, e deu a coñecer ademais de outros traballos, unha carpeta e un libro de debuxos.

Outros artistas que fixeron obra en Buenos Aires nesa década foron Leopoldo Nóvoa, Mercedes Ruibal, Antonio Abreu Bastos, Maruxa Mallo, Manuel Cordeiro, Marcos de Abeleda, a ceramista Elena Colmeiro e o escultor Domingo Maza.

PRENSA

O 22 de xullo de 1960, como xa foi dito, inagurouse a primeira mostra do xornalismo galego na Arxentina, na Sala de Exposicións do Centro Lucense. Puidemos reunir corenta e nove publicacións, que resumían unha andaina de oito décadas, é dicir, dende que Cisneros Luces fundara El Gallego en 1879. Algunhas eran só boletíns das sociedades, con noticias sobre as actividades das mesmas. Pero houbo tamén unha prensa importante, na que salientan Galicia Literaria, Correo de Galicia, Céltiga, El Despertar Gallego, A Fouce.

Limitareime a reseñar as publicacións que corresponden ó período 1950-1960. Cadra que neste eido foi a etapa máis rica, máis significativa e máis variada.

O Centro Lucense editaba cada mes o periódico Lugo, que dirixía Suárez Picallo; os centros Ourensán e Pontevedrés publicaban Opinión Gallega, tamén mensual, a cargo de Rodolfo Prada. En ambos casos, ademais da información societaria, aparecían colaboracións literarias, en galego e en castelán, e noticias chegadas de Galicia. Galicia, da Federación de Sociedades Galegas, que dirixía a finais da década Arturo Cuadrado, seguía unha liña claramente republicana e de reivindicacións democráticas.

Galicia tamén se chamaba a revista do Centro Galego, dirixida sucesivamente por Seoane e Blanco Amor, da que se sacaban cada mes máis de cen mil exemplares, dado que era enviada a todos os asociados. Antes fora un boletín que se limitaba a reseñar os servicios médicos e outras informacións referidas ó sanatorio. Seoane deulle, dende ben antes do período a que me refiro, o carácter dunha publicación de calidade. Ademais dos seus artigos e debuxos, foi incorporando traballos doutros colaboradores dunha e outra banda do mar, separados ata entón non só polo océano, senón tamén pola desfeita que deixara a Guerra Civil. Na Galicia deste lado tivo un asiduo e eficazísimo correspondente, Francisco Fernández del Riego, que na sección "Galicia cada trinta días", que asinaba co pseudónimo de Salvador Lorenzana, mantíñanos puntualmen-

te informados de canto aquí acontecía, en apartados como Ronsel, Panorama musical, Escaparate bibliográfico e Información artística. Nun estreito mundo de prohibicións e censuras algo se ía facendo e todos nós esperabamos con ilusión aquelas noticias.

Outras publicacións, de vida efémera, foron Airiños, da Casa de Galicia; Mundo Gallego, fundada por Xosé Conde, Eliseo Alonso e Teodoro Campos; Agarimo, do Fogar Galego para Anciáns; Orzán, do Centro Coruñés; Brétemas e Raiolas, da coral do mesmo nome, e Eufonía, editada por Alfonso Gayoso Frías. Continuaban publicándose os boletíns das sociedades comarcais, algúns deles de certa importancia, como Betanzos, do Centro do mesmo nome, e Alborada, da sociedade de Corcubión. Todas estas publicacións eran bilingües.

Mención á parte merecen A Nosa Terra (órgano doutrinario e informativo da Immandade Galega), voceiro do exilio e da emigración galeguista, onde colaborara Castelao e seguían facéndoo Alonso Ríos, Núñez Búa, Moisés da Presa, Fiz Fernández... e Adiante, xa citado, das Mocidades Galeguistas, no que uns cantos mozos fixemos o noso primeiro exercicio xornalístico. Ambas publicacións estaban escritas enteiramente en galego.

Para rematar este apartado hai que mencionar a Galicia Emigrante, incuestionablemente a máis importante publicación periódica da nosa diáspora. Fundouna e dirixiuna Luís Seoane. Saíron trinta e sete números entre xuño de 1954 e maio de 1959. As portadas eran outros tantos cadros do noso pintor exiliado. O que Seoane comezara na revista Galicia, que dirixiu durante vinte anos, continuouno nesta, é dicir, a mesma calidade xornalística e a mesma ponte tendida sobre as Galicias de ambas oreas. Nas súas páxinas poden verse colaboracións de Otero Pedrayo, Fernández del Riego —que recadaba noticias culturais como o fixera para a antes dita, e realizou unha chea de entrevistas—, Paz-Andrade, Díaz Pardo, Bouza-Brey, Xosé María Álvarez Eláquez, Carballo Calero, García-Sabell, Ramón Piñeiro, Pura Vázquez, López Cuevillas e moitos outros, ademais dos escritores e xornalistas do exilio. No aspecto gráfico, á parte dos de Seoane, publicáronse debuxos de Castelao, Maside, Colmeiro, Laxeiro, Nóvoa, Xohán Ledo e Cebreiro.

Déronse a coñecer nas páxinas desta revista narracións, po-

emas, breves pezas teatrais, ensaios, críticas de arte e literatura... Na presentación da edición facsímile que fixo Ediciós do Castro di Fernández del Riego que "o ronsel que Galicia Emigrante deixou tras si, foi fecundo, relevante. Fixo posible que a cultura galega avivecese en territorio onde non podía perseguila a suspicacia do poder político".

OUTRAS INICIATIVAS CULTURAIS

Para conmemorar o cincuentenario do nacemento de Curros Enríquez, o Centro Ourensán convocou, en 1951, un concurso de poesía. Gañou o primeiro premio Matilde Lloria.

O Centro Galego instituíu os seguintes premios literarios anuais para obras en lingua galega: "Castelao" (novela, biografía, viaxes); "Cao Tumes" (relato curto); "Eduardo Pondal" (poesía); "Padre Feijóo" (ensaio); "Antón Villar Ponte" (teatro), "Alfredo Brañas" (economía, socioloxía). En castelán: "Valle Inclán" (novela, poesía, teatro). Ademais un premio de fotografía e os premios de música galega "Paz Hermo" (música sinfónica) e "Chané" (composición para canto e piano ou coro a capela).

Con motivo da celebración do centenario do Centro, en 1957, convocouse un premio destinado a traballos sobre a presenza de emigrantes galegos naquel país. Foi premiada a obra de Alberto Vilanova Los gallegos en la Argentina, que se publicou en Ediciones Galicia en dous grandes volumes.

RESPOSTA

DO EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON
XESÚS ALONSO MONTERO

Excmo. Sr. Presidente da Real Academia Galega, ilustrísimos e ilustrísimas colegas de corporación, miñas donas e meus señores:

Teño a honra, a alta honra, de contestar, en nome da Academia, ó discurso de ingreso na nosa institución de don Xosé Neira Vilas. Cando afirmo que este feito constitúe para min unha honra, unha alta honra, non me acollo rutineiramente a un topos retórico deste peculiar xénero oratorio senón que enuncio, ex corde, un sentimento moi sincero: son consciente do privilexio que comporta apadriña-lo ingreso na Academia dun escritor das características e da valía de Neira Vilas, privilexio que agradezo, ex corde tamén.

Ingresar hoxe na Academia Galega –nalgún sentido, a Casa da Palabra, no noso país– un escritor que leva labrando no eido das nosas palabras desde hai máis de sesenta anos. Non esaxero na cronoloxía. Os seus bibliógrafos saben que os seus primeiros traballos literarios en volume non son anteriores a 1958: dese ano é a tradución do Itinerario galego de Víctor Luis Molinari. Dous anos despois publicaríase Dende lonxe, o seu primeiro poemario, e en 1961, o seu primeiro relato, Memorias dun neno labrego, obra na que miles de galegos, en tempos moi menesterosos, aprenderon a ler en galego.

Pero Xosé Neira Vilas labra nos eidos do galego escrito desde moito antes, desde 1938, cando só cumprira nove anos. Trátase dunha carta escrita a un compañeiro da escola na lingua que o autor e o destinatario falaban fóra das aulas. Escrita na lingua da vida –que non era, naquel caso, a lingua da escola–, o neno Xosé Neira Vilas foi castigado, tal como nos conta no discurso que vimos de oír. Neira Vilas, anos despois, adolescente vingativo –léase, mozote reivindicativo–, aproveita os días do Entroi-

do para poñer en palabras galegas corridos mexicanos e outras cancións de moda, versións que a xente acollía e repetía con agrado, e así nolo conta o noso autor no seu discurso académico. Tiña aquel adolescente dezasete anos. En efecto, o Entroido, aínda que non o decretara Bachtin, era o tempo da subversión.

Os bibliógrafos convencionais, sen embargo, inician a biografía literaria de Neira Vilas en 1958 e 1960, data aquela da súa primeira tradución ó galego e data, esta, do seu primeiro poemario no noso idioma. Pero estas páxinas e os centos e centos delas que virán despois son a expresión adulta, madura, dalgunhas das inxuedanzas sentidas polo autor en Gres, a súa aldea natal, ós dez e ós dezasete anos.

Polifacético e intenso ten sido o labor literario de Neira Vilas desde 1958. No eido da creación, ademais de tres libros de poemas, xénero no que se inaugurou como escritor, é autor dunha extensa obra narrativa, xénero que lle debe ó noso autor títulos moi importantes, algún altamente significativo na historia literaria do noso país. Títulos moi valiosos e entrañables compoñen o sistema narrativo de Neira Vilas, páxinas nas que a infancia, a aldea e a emigración atopan cálida e reveladora expresión. Tales páxinas constitúen un universo poético único, na riqueza e na emoción, no discurso literario galego. Contén este universo narrativo relatos moi distintos, desde a novela, no sentido máis tradicional, ó conto para nenos, pasando polo que o propio autor denomina "Lembranzas", sub-xénero ó que pertencen tres excelentes narracións lírico-autobiográficas: Lar, Nai e Pan.

A importancia cuantitativa e cualitativa da narrativa de Neira Vilas ás veces escurece, para persoas non moi atentas, o labor que o noso autor ten realizado noutros eidos, especialmente no dos estudos literarios. Modélico é, como estudio da recepción dun autor, Rosalía de Castro e Cuba (1992), e modélico é, para examinar un suceso da biografía dun ilustre exiliado, Castelao en Cuba (1983). Quen queira coñecer non poucos dos capítulos das nosas Letras na diáspora americana, ten que acudir, forzosamente, ás Memorias da emigración (3 volumes), ás Crónicas galegas de América (2 volumes) ou a libros como Eduardo Blanco-Amor, dende Buenos Aires (1995).

Nalgúns destes volumes está moi presente a Academia, institución que na súa ideación e inicios estivo moi vencellada a dúas grandes figuras da galegitude exterior, á do gran poeta Curros Enríquez e á do benemérito patriota cultural José Fontenla Leal, figuras, ámbalas dúas, moi estudiadas por Neira Vilas na súa relación coa Academia. O libro Manuel Murguía e os galegos da Habana contén páxinas interesantes sobre os primeiros anos da nosa institución.

Os estudiosos de Neira Vilas, por moito que os engaiole a súa extensa obra narrativa, deberían reparar no seu labor de tradutor de textos nunca verquidos ó noso idioma: unha escolma de poemas de Nicolás Guillén, un alegato político de Fidel Castro, un poemario de José Martí, un relato de Alejo Carpentier e o Xomal de prisión de Ho Chi Min (este, por tradutor interposto). Do que se trata é de que certas voces do discurso contra a inxustiza falasen en galego (aínda que fose para lectores expertos na lingua na que se formularon estes cuestionamentos).

Da extensión e da polifacencia da obra literaria e erudita de Neira Vilas falan moitos outros títulos: investigacións hemerográficas como A prensa galega de Cuba (1985); libros de testemuñas como Galegos no golfo de México (1980) e Guerri-lleiros (1991), e traducións do galego ó castelán como os Seis poemas galegos de García Lorca (1964) ou "Vinteun poemas" de Uxío Novoneyra (1966), por non citar tantas e tantas páxinas aparecidas nas publicacións periódicas, non todas recolleitas en volume.

Estamos, pois, ante unha bibliografía vasta, rica e polifacética na que, á beira de páxinas moi importantes dentro do discurso literario galego do século XX, existen non poucas incursións eruditas de notable valía. Escritor e erudito, no esencial monolingüe, traballa a palabra galega con amor e rigor desde os anos en que, neno ou adolescente en Gres, non sospeitaba que, andando o tempo, sería unha especie de clásico en vida.

Desde hai 36 anos, desde 1965, veño publicando artigos, reseñas e estudos sobre a obra literaria de Neira Vilas en xornais, revistas culturais, libros propios e misceláneas colectivas. Desde hai tempo teño pronunciado un número non moi escaso

de conferencias sobre o labor literario de quen hoxe ingresa na Academia. Quizais foi a primeira a titulada "A problemática do campo na literatura galega", proferida na tribuna do Centro Galego de Buenos Aires o 31 de xullo de 1969; a última –que non a derradeira– proferina hai poucos meses nun curso de verán deste ano na Universidade de Compostela.

A miña adhesión activa á causa das páxinas literarias de Neira Vilas vai máis alá da manifestada en estudos, artigos, notas e conferencias; tamén se manifesta na acollida por min dispensada, sempre con entusiasmo, en coleccións literarias que eu dirixín tanto na Editorial Celta, de Lugo, como en Akal Editor, de Madrid. Nestas e noutras editoriais teño prologado libros seus e, se tivese que pronunciarme sobre os meus prólogos, diría que non estou moi repesante dos que levo escritos sobre Memorias dun neno labrego. Son, polo momento, tres: o escrito para a segunda edición do libro, a de 1967, que é a primeira feita en Galicia; o escrito para a décima edición, de 1981, e o escrito para a vixésima, de 1999. Así pois, cada quince anos, grosso modo, veño reexaminando este entrañable relato de Neira Vilas, que, a vulgar polas reimpresións, non perde actualidade literaria pese a perder, en boa parte, a súa condición de documento sociohistórico, pois, certamente, a aldea de hoxe, en non poucos aspectos, está moi lonxe da aldea que Balbino e Neira Vilas viviron –e padeceron– hai sesenta anos.

Estou moi satisfeito, orgulloso realmente, de ter dedicado tantos días e tantos traballos á obra literaria de Xosé Neira Vilas, especialmente a Memorias dun neno labrego, ás Memorias de Balbino, e estouno porque, en pleno franquismo, cando non había tribunas políticas para os discursos ideolóxicos que non fosen o oficial, as páxinas deste gran relato permitíannos facer públicas, sempre a media voz, as nosas ideas sobre o agro, a emigración, a escola monolingüe e monolítica, as clases sociais, os prexuízos do medio rural, o reaccionarismo da Igrexa católica, a necesidade de arrepoñérmolos, etc., etc. En realidade, as ideas expostas –sempre con moita cautela– eran a glosa esixida por algunhas das páxinas escritas por Balbino, un neno labrego mestre en incitacións.

Alguén dirá hoxe que non era, daquela, honrado, que non

era profesional, converter unha tribuna literaria en tribuna política. Quizais non era puro, quimicamente puro, pero non era deshonesto sempre que se falase, sen deixar de facer política, de literatura. Naqueles anos, antes e despois de 1970, despois de todos nós, totalmente, de tribunas públicas non claudinas para suxerir discursos políticos discrepantes do oficial, os profesores de Literatura, cando unha institución calquera tiña autorización governamental para que un de nós disertase sobre un tema literario, a institución e a autoridade expúñanse a que a tribuna fose "bilingüe": o conferenciante falaba a lingua da erudición literaria e falaba, tamén, o idioma das insinuacións políticas, momento no que o Poder perdía, nalguna medida, o monopolio das ideas e das palabras.

Balbino, pois, ademais de ser estudiado como protagonista e cronista dun extraordinario relato, foi, velis nolis, un compañeiro de viaxe. Lémbrase, miñas donas e meus señores, que Balbino, "un rapaz da aldea", facía formulacións premarxistas ("... no mundo hai pobres e ricos e non debería ser así"). É o mesmo Balbino, "un ninguén", que nos revela que "vimos ó mundo cunha alforxa de preguntas".

Memorias dun neno labrego, libro, ó seu modo, un pouco bíblico –dunha Biblia esquerdista e moi pouco resignada–, publicouse por primeira vez na Galicia da diáspora, en Buenos Aires, no ano 1961, e, un ano despois, na Galicia do exilio interior, en Vigo, Celso Emilio Ferreiro publicou Longa noite de pedra, outro libro –este, en verso– que cuestionaba bastante claramente o discurso oficial. Desde 1962 dediquei unha parte da miña actividade literaria pública –desde conferencias a presentacións de recitais– a comenta-los versos deste fermoso libro, onde moitos dos seus poemas, ademais de seren espada, eran canción. Confeso, sen rubor ningún, que, sempre que se me permitiu, falei, como profesor de Literatura, da canción, e, como cidadán insatisfeito, da espada, ou sexa, do que os versos de Longa noite de pedra tiñan de denuncia, de cuestionamento e de esperanza civil.

Estes dous libros, Memorias, de Neira Vilas, e Longa noite, de Celso Emilio Ferreiro, foron, para miles de lectores galegos, un obradoiro eficaz de concienciación lingüística e social. No período que vai de 1961 a 1975, ano da morte de Franco, miles de

lectores destas páxinas reconciliáronse, con orgullo, coa lingua de Balbino, que era, dito co verso de Celso Emilio, a "lingua proletaria" do seu pobo. Deses miles e miles de lectores destes dous grandes libros, non poucos detectaron por primeira vez, no lume íntimo das súas palabras, que o mundo estaba mal feito. Á promoción dun e doutro libro algúns profesores daquel tempo dedicamos non poucas horas da nosa vida intelectual na cátedra, na tribuna, na prensa e en canto espacio público nos permitira glosa-los ideais suxeridos na prosa inocente de Balbino ou expostos nos versos radicalmente solidarios do poema "Imaus".

Nese período franquista son moitas as páxinas que publiquei sobre Memorias dun neno labrego, e moitas tamén as conferencias nas que examinei, con fervor de propagandista, este marxista relato, fervor que, coñecido, ás veces, polas autoridades políticas, impediu que o número de disertacións non fose maior, moito maior. Morto o Tirano, eu seguí ocupándome da obra, en xeral, de Neira Vilas, e, en particular, de Memorias dun neno labrego.

Exposto o cal, alguén pode pensar que a miña presenza aquí, hoxe, apadriñando este ingreso na Academia, débese ó feito de que quizais son o académico numerario que máis páxinas escritas e orais ten publicado sobre o escritor Xosé Neira Vilas. En realidade, eu oficio neste acto por suxerencia do propio Neira Vilas, suxerencia ben acollida pola Academia, acollida e suxerencia que, porque me honran, agradezo moi vivamente.

Estou convencido, sen embargo, de que a miña presenza neste acto non se debe, no fundamental, á miña condición de estudioso e divulgador da obra literaria de Xosé Neira Vilas senón, no esencial, ó feito de que as nosas biografías, en anos moi importantes, coincidiron nos mesmos espazos vitais e nalgunhas inxedanzas fondas.

Sáibase, de entrada, que Neira Vilas e mais eu somos dunha andaina, en realidade da mesma quinta: el naceu o 3 de novembro de 1928 e eu nacín o 28 dese mes e ano, días despois, polo tanto. Os dous somos de familia labrega, como Balbino, e os dous, na mesma aldea, asistimos, nos anos da Guerra Civil e nos primeiros da Posguerra, á mesma escola pública, a fran-

quista daqueles míseros anos. Na aldea tivemos os mesmos mestres, os mesmos catecismos, as mesmas lecturas, as mesmas catequeses, os mesmos castigos, as mesmas diglosias, os mesmos alcaldes de barrio, as mesmas prohibicións e os mesmos medos.

En realidade, Neira Vilas e mais eu fomos, na nosa escola rural, compañeiros de pupitre en 1938, en 1939, en 1940..., compañeiros que se levaban ben e que compartían, á merenda, o pouco pan que había nas nosas casas. Eramos, máis que amigos, compañeiros, obrigados, por tanto, a compartímo-lo pan (non o compango, que non o había): o pan, que era de millo, non de trigo, reservado a rapaces doutra condición social, como Manolito, que non era alumno, coma nós, dunha escola pública rural.

Rapaces con zocos, co pantalón remendado e sen compango á merenda, Balbino e mais eu devexiamos por un anaco de pantrigo. Anos despois, Balbino escribiría no seu caderno que á súa nai "sentáballe mal a broa", pero que na casa non había diñeiro para mercar pantrigo, comida habitual de Manolito que tomaba "café con leite" e non se tiña "que erguer cedo pra levar o gando a pacer". Tempo despois, tamén Balbino e mais eu — Neira Vilas e mais eu — temos comentado un texto de Castelao no que este, no transo de imaxinar unha Galicia farta e feliz para os rapaces galegos, escribe, xusto nas datas nas que Neira Vilas e mais eu só probabamos ese manxar o día que había fume na igrexa: "Vexo aos nenos, loiros e bonitos, a comeren pantrigo con mel e manteiga". (Como estamos na Casa da Palabra, reclamo de todos vostedes que reparen na prosa, sempre tan coidada, de Castelao, quen, nesta entrañable secuencia, non esquece a conxugación do infinitivo).

Tamén Neira Vilas e mais eu temos falado, nestes últimos anos, do mestre que tanto nos atemorizaba, o mestre andaluz do que Balbino refire que era "roufeño" no falar e violento na súa pedagogía. Sempre me levei ben, moi ben, con Xosé / Balbino Neira Vilas os tres ou catro anos en que coincidimos na escola, pero hoxe vou confesar, por primeira vez na miña vida, que houbo un momento no que sentín unha xorda xenreira contra el, xenreira que sempre lle ocultei. Porque eu, desde a miña timidez de alumno, tamén me namorei de Eladia, que foi,

ós doce anos, o meu primeiro amor. Eladia era a mestra, Eladia era garimosa, Eladia falaba o galego comosco fóra da escola. Eladia, femosa como ningunha, vestía ben e sabía moito, atributos, o do saber e o do ben vestir –pensaba eu–, da clase alta. Comprendo que Balbino, tal como conta no seu caderno, sentise “vergoña dos seus zocos e romendos”. Eu tamén, e eu, como Balbino, sentín, diante dela, “un agurgullar no peito”, agurgullar que sempre disimulei, non así Balbino, razón pola cal eu non lle quería ben. Era o meu rival, un rival mellor situado ca min pois na escola Balbino era o máis adiantado, o máis sabio.

Eladia –a señorita Eladia, para todos nós– un día marchou para sempre: para outra escola nunha vila importante. Pouco tempo despois, Balbino e mais eu, á beira dos catorce anos, deixámo-la escola primaria para sempre. Non sei a el, pero a min a imaxe da señorita Eladia, o noso primeiro amor, non se me esvaeu totalmente.

O que aconteceu, logo, separounos. Eu, de familia labrega un pouco menos precaria, iniciiei, xa mozote, os estudos de Bacharelato, e en outubro de 1948 comecei Filosofía e Letras na Universidade Central (Madrid), situación académica, naquela altura, impensable para Xosé / Balbino Neira Vilas. Cando eu estou finalizando o primeiro curso universitario, en 1949, Neira Vilas, mozo de vinte anos, como fora “a Páscoa enxoita” e “choveu en San Xoán”, emigra, nun “aleve negreiro vapor”, rumbo á Arxentina, á procura dun pouco de pan e dalgunhas posibilidades de realización persoal culta e digna.

Eu, o estudante universitario, o mozo novo que tivera a sorte de escoller, dentro das carreiras maiores, a que máis cobizaba, non sempre era o privilexiado. El, Xosé / Balbino Neira Vilas, que fora á procura dun pouco de pantrigo nun “aleve negreiro vapor”, atopouse en Buenos Aires con privilexios intelectuais que a min, universitario na España de Franco, estábanme rigosamente vedados. Neira Vilas, que chega a Buenos Aires nas datas en que Castela agonizaba, vai asistir, en privado ou en público, ás “leccións”, entre outros, de Antonio Baltar, Eduardo Blanco-Amor, Rafael Dieste, Lorenzo Varela, Xosé Núñez Búa, Luís Seoane, Ramón Suárez Picallo, Ramón de Valenzuela e Alberto Vilanova. Mestres, todos, na conversa privada, algúns dos citados exerceron sobre Neira Vilas ese maxisterio, en pú-

blico, na tribuna da AGUEA (Asociación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas), tribuna inconcibible na Galicia de Franco naquelas datas, 1956. Xa antes adquirira unha formación, como cidadán do mundo e como cidadán galego, que para nós, nun espazo sen liberdades públicas e con medo xustificádolo nos domicilios privados, tiñamos moi lonxe. A experiencia de Neira Vilas, como “alumno”, en AGUEA, vai anhear esa formación: na dimensión técnica (clases de Xeografía, Lingua, Historia...) e na dimensión política, se temos en conta que en AGUEA e no seu entorno (Luís Seoane, Antonio Baltar...) opinaban dalgunhas das voces máis progresistas daquel momento, voces ás que nós, en Santiago ou en Madrid, estabamos totalmente alleos.

Así pois, Xosé / Balbino Neira Vilas, emigrante que traballa en cen cousas para gaña-lo pan e un pouco de compango, vive unha década de cultura prodixiosa, que, en pluralismo e riqueza, está a anos luz da que a nós se nos impartía desde as máis altas cátedras universitarias. Balbino, o emigrante, era, nalgún sentido, máis privilexiado ca min, estudante universitario en España.

Desa década prodixiosa (1950-1960) fálanos hoxe Neira Vilas no discurso que vimos de oír, no que sintetiza axeitadamente o labor cultural realizado en Buenos Aires neses anos. É un relato erudito feito desde dentro, feito por quen viviu con emoción unha gran parte dese labor intelectual, prodixioso certamente.

Titúlase o discurso “A cultura galega en Buenos Aires: 1950-1960”, período no que os nosos emigrantes e os nosos exiliados protagonizaron actividades intelectuais que honran a nosa cultura e os seus protagonistas. Nese decenio, período no que a Galicia metropolitana era, case sempre, unha ladafía de silencios, Buenos Aires foi escenario de moi importantes feitos culturais, algúns tan relevantes como a constitución de AGUEA (en 1956), a celebración do Primeiro Congreso da Emigración Galega (no mesmo ano) e a creación, en 1957, por Eduardo Blanco-Amor, do Teatro Popular Galego.

Neira Vilas, ó referirse ó Congreso da Emigración, salienta a importancia da ponencia titulada “A defensa do idioma, vence-llo espíritoal de tóbolos galegos”, asinada por nove personali-

dades que constituían, daquela, unha boa parte do máis ilustrado da nosa intelectualidade na Galicia metropolitana: Ramón Cabanillas, Ramón Otero Pedrayo, Juan Rof Carballo, Domingo García-Sabell, Ricardo Carballo Calero, Celestino Fernández de la Vega, Francisco Fernández del Riego, Xaime Isla Couto e Ramón Piñeiro. O texto, subscrito polos nove intelectuais mencionados, foi escrito, sen dúbida, por Ramón Piñeiro. As súas páxinas responden, de cheo, ó estilo conceptual e expresivo de Piñeiro, observación esta coa que, creo, concordará Neira Vilas.

No discurso de Neira Vilas está moi presente a problemática da lingua galega e, dentro dela, as restricións de toda índole das que era obxecto na España franquista. Non estraña, pois, que repare, con forza, no opúsculo Denuncia diante a Unesco da persecución do idioma galego polo Estado Hespáñol, asinado por seis entidades galegas de Buenos Aires. Redactada en galego, francés e inglés, a Denuncia foi presentada en novembro de 1954, na cidade de Montevideo, ante as autoridades da UNESCO, o que suscitou o estupor e o alporizamento da representación española, especialmente de Manuel Fraga Iribarne. (Este affaire está moi ben documentado e estudiado no número 43 da revista Tempos Novos, número que acolle unha entrevista de Piñeiro na que se refire ó "susto" do señor Fraga Iribarne).

No seu estudio, Neira Vilas fala con especial emoción do gran poeta arxentino, fillo de galegos, Francisco Luis Bernárdez, sobre todo dos traballos que escribiu en galego ou en defensa do idioma galego, e subliña o artigo "El idioma prohibido", publicado na revista porteña Criterio o 13 de maio de 1954. Conta Neira Vilas que a colectividade galega, agradecida, fixo unha edición (exenta) de miles de exemplares, edición que contiña un prólogo, anónimo, titulado "En defendimento da sagra lingua galega". Por Neira Vilas sabemos que o autor deste limiar foi Rodolfo Prada.

Pero Neira Vilas non conta que ese artigo foi lido, en 1954, con sorpresa e incredulidade, por unha persoa que ía ser moi importante para a súa vida, tamén a intelectual. Refírome a Anisia Miranda, cubana, filla de ourensáns e residente, daquela, na capital da Arxentina. Nacera en Ciego de Ávila, onde, moi nena

aínda, asistiu a un mitin de Castelao o 22 de novembro de 1938 en favor da España leal. Alí, aquela nena de seis anos entregou para a causa –para a causa da República española– vinte centavos, que era o importe dun cento de ovos. Anos despois, aquela nena que oíra falar en 1938 dos menos españois vítimas do fascismo –para eles foron os vinte centavos– atópase cun artigo, dun prestixioso escritor arxentino, onde se denuncia que o galego, en certas esferas da vida e da cultura, era obxecto de graves prohibicións. Anisia Miranda, agora moza consciente de vintedous anos, toma partido e solidarízase co "idioma prohibido". Pouco despois, no Centro Ourensán, asiste a unha conferencia sobre Rosalía de Castro proferida por Ramón Suárez Picallo, orador onde os haxa. Alí coñece un mozo catro anos máis vello, Xosé Neira Vilas, casan en 1957, e así ata hoxe. Oficiara de Cupido –como a el lle gustaba dicir– Suárez Picallo.

Ós tres meses da voda, Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda fundan Follas Novas, "feira permanente do libro galego". Ademais de mostra bibliogáfica, axiña foi editorial e axiña, tamén, distribuidora. O que Follas Novas fixo polo espallamento dos nosos libros en todo o mundo é un capítulo do noso acontecer cultural que, hai tempo, reclama, cando menos, unha memoria de licenciatura. Eu teño atopado, en bibliotecas de lugares un tanto estraños, libros galegos que tiñan o selo de Follas Novas e a calor, aínda, da man de Neira Vilas e Anisia Miranda. Este capítulo, o de Follas Novas, aparece tratado con avaricia no discurso que vimos de oír. Por elegancia. Sábase, de tódolos xeitos, que en Follas Novas, casa editorial heroica, Anisia Miranda estreouse como escritora co poemario Esta es Cuba,

Este libro,
A cultura galega en Buenos Aires:
1950-1960,
rematouse de imprimir
o 17 de novembro de 2001

ÍNDICE

DISCURSO DA ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON XOSÉ NEIRA VILAS	7
RESPOSTA DO EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON XESÚS ALONSO MONTERO	39